

Documentación que se presenta:

- 1. Fotocopia do DNI/NIF do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante. (De asinarse a declaración por medio de representante achegará, ademais, a acreditación da representación por calquera medio válido en dereito)
- 2. Documentación acreditativa da referencia catastral descriptiva da vivenda ou edificación na que se vai desenvolver a actividade.
- 3. Fotocopia compulsada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
- 4. Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas das que se extrae o viño utilizado no furancho no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en materia de agricultura.
- 5. Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola na consellería competente en materia de agricultura, agás as excepcións previstas de conformidade coa normativa vixente.
- 6. Fotocopia compulsada do documento que acredite a subscrición dunha póliza de responsabilidade civil, segundo o disposto no artigo 14 desta ordenanza, así como copia compulsada do correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia no período anual de apertura.
- 7. Xustificante acreditativo do pagamento das taxas e tributos correspondentes que sexan preceptivos.
- 8. Documentación técnica ou proxecto técnico, asinada/o por facultativo/a competente, que incluíra xustificación e pronunciamento expreso do cumprimento da normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios (DBSI ou normativa de seguridade contra incendios que no futuro a substitúa incluíndo o cálculo do aforo máximo), da normativa sanitaria relativa á loita contra o tabaquismo, acreditación do cumprimento dos artigos 3.2 e 5.e) desta ordenanza, así como xustificación daqueloutra normativa que lle resulte aplicable. (Excepto que xa constara no concello e non se realizaran modificacións no mesmo)
- 9. Certificación de seguridade e solidez do local ou recinto e das súas instalacións para o uso pretendido, subscrita por técnico competente e, de ser preceptivo, debidamente visada.(Excepto que xa constara no concello e non se realizaran modificacións no mesmo)
- 10. Informes técnicos-sanitarios nos que figuren a análise do viño posto á venda así como da auga de consumo humano e nos que conste que corresponden ós produtos que se van a servir no furancho.
- 11. Memoria descriptiva da cantidade de viño posto á venda, numero de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade dos mesmos así coma a variedade ou variedades de uva das que procede.
- 12. Carné de manipulador/a de alimentos.
- 13. Documentación acreditativa da legalidade da edificación para o que achegará alternativamente (marcar a que se presenta):
 - Licenza de primeira ocupación
 - Declaración de caducidade da acción de reposición da legalidade urbanística
 - Declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio
 - No suposto de carecer da documentación anterior, certificación catastral descriptiva e gráfica ou documento acreditativo da antigüidade da edificación xunto con declaración responsable de que non se teñen realizado obras nos seis últimos anos e fotografías actuais da edificación.